

Laudatio a Helena González Fernández

María Xosé Porteiro.
Medallas Consello da Cultura Galega 2022

Boas noites presidenta, autoridades, homenaxeada e homenaxeado, señores, señoras. Procedo a dar lectura ás adhesións que persoas e institucións que hoxe non poden estar connosco dirixiron, desde a distancia, á nosa presidenta, Rosario Álvarez.

Chégannos desde a Universitat de Barcelona, da man do seu reitor, Joan Guàrdia Olmos; do seu decano, Javier Velaza, e da súa directora de departamento, Gabriella Gavagnin, en representación dos seus compañeiros e compañeiras. As súas adhesións coinciden en salientar a importancia da contribución continuada de Helena González a esa universidade e mais o orgullo e satisfacción por este recoñecemento desde Galicia, que alcanza, con ela, a toda a Sección de Estudos Galegos e Portugueses. Igualmente, desde Varsovia, a presidenta da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Ana Garrido González, dinos que “sen Helena González moitas das redes que sosteñen os estudos galegos fóra e dentro de Galicia simplemente non existirían”.

- - -

“A vida non é sempre unha travesía ben informada, hai moitas maneiras de ver os mapas, pero ben ve o que mira dúas veces a mesma paisaxe”. Neste pensamento de Xohana Torres atopamos un paralelismo acaído para comprender e valorar o traballo de Helena González Fernández, que se artella, basicamente, arredor da crítica literaria feminista, a cultura popular e a teoría das emocións, establecendo nexos, interseccións, lazos, entre diversas identidades e o feminismo. A literatura galega e o estudo das relacións culturais entre Galicia e Cataluña son para ela un interese permanente.

Helena González, galega de Vigo, doutora en Filoloxía Románica e académica correspondente da Real Academia Galega, é profesora titular de Estudos Galegos e Portugueses na Universitat de Barcelona. Especializada en poesía contemporánea e crítica literaria feminista, dirixe o ADHUC – Centro de Investigación Teoría, Xénero, Sexualidade, na citada universidade. Alí dirixiu o Centre Dona i Literatura e fundou e dirixiu *Abriu. Estudos de Textualidade do Brasil, Galicia e Portugal*.

Na súa actividade extensa, intensa, coherente e profunda, salientan *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero, nación*, e, con María Xesús Lama, *Do sentimento á conciencia de Galicia, epistolario cruzado por Ramón Piñeiro con Basilio Losada*. Ten publicado traballos sobre Luís Seoane, Luz Pozo Garza, Manuel Antonio, Rosalía de Castro, Rompente, Virginia Woolf, a historia feminista da literatura española ou a poesía galega dos 90. Formou parte do equipo de redacción dos catro volumes do *Dicionario da literatura galega* dirixido por Dolores Vilavedra, e traduciu ao galego *Capital da dor* de Paul Éluard, con Laurence Brault.

.....



Consello da Cultura Galega. Medios
Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela
Tel: +34 981957202. medios@consellodacultura.gal
[Instagram](#) | [Facebook](#) | [Twitter](#)

Laudatio

Como editora publicou en Icaria, con María do Cebreiro Rábade, a monografía *Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro*; participou no consello editorial da colección de poesía Ablativo Absoluto, dirixida por Fran Alonso, e fai crítica literaria en *Grial*.

- - -

“Para que a xenerosidade sexa verdadeira hai que dalo todo e sentilo coma se non custase nada”, disque dixera Simone de Beauvoir. Hoxe atopa todo o sentido esta aseveración aplicada a Helena González, muller sabia, desinteresada e xenerosa a quen agradecemos todo o tempo, esforzo e dedicación que vén compartindo cos afáns e a misión do Consello da Cultura Galega. Na súa ética –alén dun firme compromiso intelectual– percibimos a constante da sororidade e a teima por seguir revisando identidades contiguas como xénero, etnicidade ou clase.

Esta é a ocasión de proclamalo, de poñela como exemplo, de congratulármonos por contar co talento –e gozar co talante– de Helena González, tamén “muller-cristal atravesada por unha Patria”, apropiándonos dos versos Lupe Gómez que ela tan ben coñece.

A respecto da súa prolongada e proveitosa colaboración co Consello da Cultura Galega, agradecemos publicamente, e coa solemnidade que a ocasión merece, a súa permanente dispoñibilidade para aceptar encargos especiais, a súa actitude proactiva para propoñer e asumir retos, a súa capacidade inmensa para funcionar en equipo, e sempre coa empatía precisa para tecer redes e complicidades.

Así o ratifica a súa implicación no desenvolvemento da área de feminismo que incorporou a Comisión de Igualdade, creada e alentada en 2007 pola filósofa feminista María Xosé Agra, e consolidada en 2019 coa creación do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CDIF).

Xa en 2009, con Ana Romani, concibira un clásico na programación feminista desta casa: a xornada anual *De pioneiras e andainas*, onde se repasan a vida e a obra de mulleres vivas que abriron camiños, sobre as que se elabora unha cartografía dos documentos que marcan fitos nas súas vidas e se reflexiona sobre os seus ámbitos de actuación con perspectiva histórica e actual. Na primeira edición, dedicada a Xohana Torres, fixo a lectura comparada de *Adiós María*. En 2014 analizou a obra poética de Xela Arias e Luísa Villalta en *Letras, interartes, proxectos na fin de século*. E, en 2016, falounos de Kathleen March en *Ler como feminista*. En 2013 formou parte do comité científico do Congreso Internacional *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*, que propiciaba unha interpretación global da figura e da obra rosalianas integrando con coherencia dimensións ata o daquela silenciadas ou infravaloradas. En 2014 participou como experta distinguida no noso libro do Día das Letras Galegas cun traballo para Loia, publicación sobre a revista galega alternativa co mesmo nome editada entre 1975 e 1978 na que se atopan as primeiras expresións poéticas de Lois Pereiro.

Desde 2014 coordina con Mariám Mariño Costales, documentalista e técnica do CDIF, a hemeroteca dixital de revistas feministas *A Saia*, que coeditamos co ADHUC –Centro de Investigación Teoría, Xénero, Sexualidade. Esta colaboración, que tamén nace da man de María Xosé Agra, leva recuperadas 18 cabeceiras, entre elas a *Festa da Palabra Silenciada* ou *Andaina*, nun traballo coa perspectiva feminista e do movemento LGTBI, fundamental para o tratamento da documentación dos debates sobre o suxeito político do feminismo en Galicia, as accións vindicativas e as ferramentas e estratexias –organizadas ou non– que procuraban transformar, entre outros, o discurso da nación e o do patriarcado, preocupación que se aprecia tamén no traballo de Helena González co epistolario de Rosalía de Castro.

Laudatio

Outro eido en que Helena González tivo un papel clave foi na consolidación da Asociación Internacional de Estudos Galegos, unhas veces en primeira liña e outras na sombra, evidenciando a súa vocación de ultrapasar fronteiras na procura de formar redes, tecer alianzas e construír pontes.

Helena González Fernández é das nosas imprescindibles, e, ao falar dela, non podemos rematar sen citar a Rosalía de Castro pois que ela tamén é, como a nosa poeta, dona de seu. Dona do seu pensamento e construtora do noso como reflexo dunha posición perante a vida que consegue inspirar, impregnar, as vidas das outras.

É tamén unha referente entre as nosas diaspóricas porque constrúe Galicia desde a súa querida Catalunya, a patria mediterránea da muller que naceu atlántica. Catalunya, que acubilla e reconece os valores desta intelectual, tamén activista, que non se acomoda, que pisa a rúa e participa do común, ben no seu San Andrés de Comesaña do Vigo natal, nos parques composteláns, na beiramar Condal, nas aulas e nos cafés, entre libros e conversas, orientando, conducindo, compartindo e marcando rumbos para sumar novas mans ao coñecemento e amor pola nosa cultura entendida coma un espazo amplo, tanto como a propia Galicia se estende e se fai profunda.

Porque Helena é galega por *ius sanguini* e por *ius solis*. Por destino e por vontade, resida onde resida. Sempre vinculada, sempre dedicada, sempre disposta para a acción como unha das Penélopes que falaron coa voz de Xohana –xa sabedes– porque “existe a maxia e pode ser de todas. ¿A que tanto novelo e tanta historia? HELENA (e nós con ela) TAMÉN NAVEGAR!».

Polo seu saber, pola súa vontade de partillar a fondura do seu coñecemento e por un compromiso que nos chega na dupla dirección Galicia/Feminismo, estamos perante a combinación perfecta, fórmula iniciática que abre pontes de conexión entre alentos e vontades que, unidos, moven montañas.

Xa o anunciara a antropóloga Margaret Mead: “Xamais dubidedes de que un pequeno grupo de persoas pensantes e comprometidas poidan cambiar o mundo. De feito, son as únicas que algunha vez o lograron”.

É simple. Só se trata de traballar para desterrarmos a indiferenza. Para movermos montañas. Para transformarmos o mundo.

Niso, ti, Helena, represéntasnos e queremos dicircho aos catro ventos con esta Medalla que, como se dixo, por honrarte nos honra.

DIXEN.